

Reglamento Andaina de 50 km Cuntis – Vila Termal

O principal obxectivo desta proba é fomentar entre todos/as os veciños/as e participantes, a práctica do sendeirismo como un dos pilares dunha vida saudable e visibilizar parte dos sendeiros e camiños forestais do noso concello.

Esta andaina forma parte da Liga Galega de Andainas 2026 da Federación Galega de Montañismo (FGM).

DATA E HORA DA PROBA

A proba terá lugar o sábado 9 de maio de 2026 ás 9.00 h, e tanto a saída coma a chegada será desde a Praza da Constitución, s/n.

A hora de peche da proba será ás 21:00 h. Non poderá continuar na proba de 50 km aquel/a participante que, ao seu paso polo punto intermedio dos 25 km (Cuntis), superen as 6 horas desde o comezo da proba.

RECOLLIDA DOS DORSAIS

Os dorsais poderanse recoller o sábado a partir 7:30 h na Praza da Constitución, s/n.

RECORRIDO

A andaina de 50 Km Cuntis – Vila Termal ten un desnivel positivo de 1350 metros, aproximadamente. Transcorrerá integramente dentro do Concello de Cuntis e será na súa práctica totalidade por camiños e pistas cruzando en varias ocasións algunha estrada local ou comarcal. Nestes puntos haberá que prestar atención e seguir as indicacións dos voluntarios e axentes da autoridade. Todo aquel que non siga as instrucións quedará inmediatamente excluído e deberá abandonar a proba.

E fundamental ter en conta o medio polo que nos imos mover, especialmente nos tramos a beira do río, xa que existe a probabilidade de esvarar e caer polas pedras pola humidade existente. Así mesmo, durante o recorrido teremos que afrontar algún tramo longo de subida para o que “recomendamos” ter un mínimo de forma física para poder afrontar esta andaina.

Quen desexe so facer unha parte do recorrido, 25 km, poderá facelo, xa que o punto intermedio estará situado no lugar habilitado para saída e meta na Praza da Constitución.

INSCRIPCIÓNS

Poderán participar todas as persoas que o desexen cun límite de 400 participantes.

Os participantes menores de idade deberán ir acompañados en todo momento por un familiar ou titor, que será o responsable dos mesmos mentres estean facendo a proba.

A inscrición poderase facer ata o partir do día 15 de febreiro na páxina web de Sportmaniacs.

Unha vez feita a inscrición, os/as participantes asumen os riscos posibles riscos da proba e aceptan as condicións da organización deste evento.

PREZOS

Establecemos varios tramos con prezos distintos para federados/as e non federados/as:

- Desde o día 15 de febreiro ata o 28 de febreiro, 12€ para os/as federados/as e 15€ para os/as non federados/as.
- Desde o día 2 de marzo ata o 31 de marzo, 15€ para os/as federados/as e 18€ para os/as non federados/as.
- A partir do 1 de abril e ata o 6 de maio o prezo será de 18€ para todos/as.

Non se devolverá o importe da inscrición en ningún caso salvo que, a organización por causas debidamente xustificadas suspenda a proba.

A organización tamén suspenderá a proba a falta de 10 días para a súa realización, e así será comunicada a todos/as os/as inscritos/as, si a esa data (29/04/2026) non figuran na plataforma de inscrición un mínimo de 300 participantes. Neste caso, a devolución da inscrición será automática e a cargo da organización.

SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA

A proba conta cos seguros que marca a lexislación actual pero declina toda responsabilidade no caso dun accidente así como dos obxectos persoais que porte cada participante.

O Club de Montaña Xesteiras subscribirá un seguro de asistencia sanitaria para os/as participantes da proba non federados/as, polo que non se fará responsable dos posibles danos que poidan sufrir os/as participantes, quedando o club organizador desta maneira exento de calquera tipo de indemnización.

SINALIZACIÓNS E CONTROIS

O percorrido estará sinalizado con cinta de balizar.

A organización poderá cambiar os tempos de corte en función das condicións do terreo, ditas modificacións serán comunicadas antes do inicio da proba.

Os/As participantes portarán o dorsal nun sitio claramente visible, preferentemente no peito.

Ademais do punto de control da saída/meta, haberá 2 puntos de control manual ao longo do recorrido.

AVITUALLAMENTOS

Haberá 5 avituallamentos e en todos haberá líquido e sólido. Estarán situados nos seguintes puntos quilométricos:

1º.- 8,200 na subida ao Castro de Arcos

2º.-16,700 Pazo, ó cruzar o regato

3º.- 25,600 Cuntis (lugar de saída e chegada)

4º.- 33,300 Couselo

5º.- 41,400 muíños de Magán

6º.- 50,00 Cuntis (meta)

Si algún/ha participante ten algunha intolerancia alimentaria, pódese poñer en contacto co CdM Xesteiras a través do correo cdmxesteiras@gmail.com.

A partir das 19:00 a organización disporá dunha comida para todos/as os participantes.

ABANDONO

O abandono realizarase nalgún dos postos de control ou avituallamento informando para elo o persoal da organización. Se por causa de lesión ou accidente o andarín queda inmovilizado deberá avisar a organización ou a outro participante que a súa vez informará a organización.

A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que estime oportunas no percorrido e programa, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por outro caso de forza maior.

Os participantes están obrigados a auxiliar os accidentados así como a dar aviso a organización.

DESCALIFICACIÓN

Quedará descualificado, con todo o que supón, todo aquel que:

- Non cumpra o presente regulamento.
- Non pase polos controis establecidos.
- Participe con outro dorsal ou falsifique os datos de inscrición.
- Non siga as indicación da organización.
- Todo aquel que deteriore ou ensucie o entorno non poderá participar en sucesivas edicións.

RECOMENDACIÓNS

Estamos ante unha proba de dificultade media-alta que discorre por unha zona de natureza que en casos non ten presenza humana habitualmente. Por todo iso recomendase estar en boa condición física, e especialmente se chove ter en conta o perigo das zonas técnicas e con pedras na beira do cauce do río. Recomendamos o uso de:

- Calzado e vestimenta adecuada para a montaña.
- Recipiente para líquido.
- Gorra o sombreiro, gafas de sol e crema de protección solar, se é o caso
- Chifre.
- Móbil con batería.
- Manta térmica

PROTECCIÓN DE DATOS

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes recabadas (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consinte que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable CdM Xesteiras. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos

termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.